Los datos personales aportados con esta solicitud se incorporarán a las correspondientes actividades de tratamiento de la Deputación Provincial de Ourense y serán tratados con la/s finalidad/s específicas de cada tratamiento, de conformidad con la regulación establecida en el Reglamento General de Protección de Datos (Reglamento UE 2016/679 del Parlamento y del Consejo) y en la Ley Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos digitales. La legitimación del tratamiento se basa en el cumplimiento de una obligación legal y/o en el cumplimiento de una misión realizada en interés público o en el ejercicio de poderes públicos conferidos a este responsable, para llevar a cabo sus funciones de formación de los/las empleados/as públicos/as, y/o cualquier otra inherente a esta actividad formativa. El plazo de conservación de los datos será el legalmente previsto. Sus datos personales únicamente serán objeto de cesión, en su caso, tras el consentimiento previo o de acuerdo con lo previsto en la legislación citada. Podrá ejercer sus derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación del tratamiento y portabilidad, así como oponerse a la toma de decisiones individuales automatizadas, ante el responsable del tratamiento, que es la Deputación Provincial de Ourense, o ante su delegado de Protección de Datos, en el correo electrónico dpo@depourense.es. En todo caso, las personas interesadas podrán formular las reclamaciones que consideren oportunas en relación con el tratamiento de sus datos personales ante la Agencia Española de Protección de Datos.

Diputación Provincial de Ourense • Sección de Formación • Calle Progreso, 30, 2º, 32003 Ourense
Teléfonos: 988 317 580 - 988 317 583 // Fax: 988 317 582 // E-mail: formacion@depourense.es



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

A Bola

Anuncio

Por resolución da alcaldesa, con data 12 de novembro de 2020, aprobáronse as bases para a selección e posterior contratación de oito auxiliares de axuda no fogar.

Os contratos serán:

- sete: de luns a venres, festivos incluídos, cos descansos que establece a lei; destes:
- catro serán a xornada completa (40 horas semanais), con xornada de mañá e tarde.
- tres a xornada parcial (20 horas semanais), con xornada flexible en función das necesidades do servizo.
- un: de xornada parcial (30 horas semanais) para desenvolver as tarefas propias do servizo as fins de semana (sábados e domingos); e para cubrir permisos e días de descanso das outras auxiliares.

Duración do contrato: dende o 01/01/2021 ata o 31/12/2021

Clase de persoal: laboral temporal.

Prazo de presentación das solicitudes: nos sete días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Máis información nas bases da convocatoria, que poderán ser consultadas no Concello da Bola en horario de oficina.

A Bola, 12 de novembro de 2020. A alcaldesa.

Asdo.: M^a Teresa Barge Bello.

Anuncio

Por Resolución de la alcaldesa, de fecha 12 de noviembre de 2020, se han aprobado las Bases para la selección y posterior contratación de ocho auxiliares de ayuda en el hogar.

Los contratos serán:

- siete: de lunes a viernes, festivos incluidos, con los descansos que establece la ley; de los cuales:*
- cuatro serán a jornada completa (40 horas semanales), con jornada de mañana y tarde.*
- tres a jornada parcial (20 horas semanales), con jornada flexible en función de las necesidades del servicio.*
- uno: de jornada parcial (30 horas semanales) para desarrollar las tareas propias del servicio los fines de semana (sábados y domingos); y para cubrir permisos y días de descanso de las demás auxiliares.*

Duración del contrato: desde el 01/01/2021 hasta el 31/12/2021

Clase de personal: laboral temporal.

Plazo de presentación de las solicitudes: en los siete días hábiles siguientes al de la publicación del anuncio de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia, en el Registro General del Ayuntamiento en horario de 9:00 a 14:00 horas, de lunes a viernes.

Más información en las bases de la convocatoria, que podrán ser consultadas en el Ayuntamiento de A Bola en horario de oficina.

A Bola, 12 de noviembre de 2020. La alcaldesa.

Fdo.: M^a Teresa Barge Bello.

R. 2.834

Castrelo de Miño

Anuncio de aprobación provisional

Expediente núm. 801/2020

Procedemento: aprobación da modificación da Ordenanza fiscal do IBI

Acordo do Pleno do Concello de Castrelo de Miño polo que se aproba provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria que tivo lugar con data 12 de novembro de 2020, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://castrelo.sedelectronica.gal>].

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

Castrelo de Miño, 12 de novembro de 2020. O alcalde.

Asdo.: Avelino Pazos Pérez.

Documento asinado electronicamente.

Anuncio de aprobación provisional

Expediente núm. 801/2020

Procedimiento: aprobación de la modificación de la Ordenanza Fiscal del IBI

Acuerdo del Pleno del Ayuntamiento de Castrelo de Miño por el que se aprueba provisionalmente la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles.

El Pleno de este Ayuntamiento, en la sesión ordinaria celebrada con fecha 12 de noviembre de 2020, ha acordado la aprobación provisional de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles.

Y en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 17.2 del Texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se somete el expediente a información pública por plazo de treinta días, contados desde el día siguiente de la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que los interesados puedan examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

Durante el referido plazo podrá ser examinado por cualquier interesado en las dependencias municipales para que se formulen las alegaciones que se estimen pertinentes. Así mismo, estará a disposición de los interesados en la sede electrónica de este Ayuntamiento [<http://castrelo.sedelectronica.gal>].

Si transcurrido el expresado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones, se considerará aprobado definitivamente el referido acuerdo.

Castrelo de Miño, 12 de noviembre de 2020. El alcalde.

Fdo.: Avelino Pazos Pérez.

Documento firmado electrónicamente.

R. 2.835

Castrelo de Miño

Anuncio de aprobación provisional

Expediente núm. 803/2020

Procedemento: aprobación da modificación da Ordenanza fiscal do ICIO

Acordo do Pleno do Concello de Castrelo de Miño polo que se aproba provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria que tivo lugar con data 12 de novembro de 2020, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, contados desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://castrelo.sedelectronica.gal>].

Se transcurrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Castrelo de Miño, 12 de novembro de 2020. O alcalde.

Asdo.: Avelino Pazos Pérez.

Documento asinado electronicamente.

Anuncio de aprobación provisional

Expediente núm. 803/2020

Procedimientu: aprobación de la modificación de la Ordenanza Fiscal del ICIO

Acuerdo del Pleno del Ayuntamiento de Castrelo de Miño por el que se aprueba provisionalmente la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras

El Pleno de este Ayuntamiento, en la sesión ordinaria celebrada con fecha 12 de noviembre de 2020 ha acordado la aprobación provisional de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras.

Y en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 17.2 del Texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se somete el expediente a información pública por plazo de treinta días, a contar desde el día siguiente de la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que los

interesados puedan examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

Durante el referido plazo podrá ser examinado por cualquier interesado en las dependencias municipales, para que se formulen las alegaciones que se estimen pertinentes. Así mismo, estará a disposición de los interesados en la sede electrónica de este Ayuntamiento [<http://castrelo.sedelectronica.gal>].

Si transcurrido el expresado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones, se considerará aprobado definitivamente el referido acuerdo.

Castrelo de Miño, 12 de noviembre de 2020. El alcalde.

Fdo.: Avelino Pazos Pérez.

Documento firmado electrónicamente.

R. 2.836

Castrelo de Miño

Anuncio de aprobación provisional

Expediente núm. 802/2020

Procedemento: aprobación da modificación da Ordenanza fiscal do IAE

Acordo do Pleno do Concello de Castrelo de Miño polo que se aproba provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

O Pleno deste concello, en sesión ordinaria que tivo lugar con data 12 de novembro de 2020 acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, contados desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://castrelo.sedelectronica.gal>].

Se transcurrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Castrelo de Miño, 12 de novembro de 2020. O alcalde.

Asdo.: Avelino Pazos Pérez.

Documento asinado electronicamente.

Anuncio de aprobación provisional

Expediente núm. 802/2020

Procedimientu: aprobación de la modificación de la Ordenanza Fiscal del IAE

Acuerdo del Pleno del Ayuntamiento de Castrelo de Miño por el que se aprueba provisionalmente la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Actividades Económicas

El Pleno de este Ayuntamiento, en la sesión ordinaria celebrada con fecha 12 de noviembre de 2020, ha acordado la aprobación provisional de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Actividades Económicas.



Y en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 17.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se somete el expediente a información pública por plazo de treinta días, contados desde el día siguiente de la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que los interesados puedan examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

Durante el referido plazo podrá ser examinado por cualquier interesado en las dependencias municipales para que se formulen las alegaciones que se estimen pertinentes. Así mismo, estará a disposición de los interesados en la sede electrónica de este Ayuntamiento [<http://castrelo.sedelectronica.gal>].

Si transcurrido el expresado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones, se considerará aprobado definitivamente el referido acuerdo.

Castrelo de Miño, 12 de noviembre de 2020. El alcalde.

Fdo.: Avelino Pazos Pérez.

Documento firmado electrónicamente.

R. 2.837

Castro Caldelas

Por Decreto da Alcaldía, con data 30 de outubro de 2020, aprobouse inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Castro Caldelas, redactado ao abeiro do convenio ao que este concello está adherido e suscrito pola colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias.

Este plan expónse ao público durante o prazo de 20 días hábiles, que empezarán a contar a partir do día seguinte ao da inserción deste anuncio no BOP, para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados.

O plan estará exposto durante o mencionado prazo nas oficinas da casa do concello, en horario de 9:00 a 14:30 horas, así como tamén no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello; <http://castrocaldelas.sedelectronica.gal>.

Castro Caldelas, na data da sinatura electrónica. A alcaldesa.

Asdo.: Sara Inés Vega Núñez.

Documento asinado electronicamente

Por Decreto de la Alcaldía, de fecha 30 de octubre de 2020, se aprobó inicialmente el Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de Castro Caldelas, redactado al amparo del convenio al que este ayuntamiento está adherido y suscrito por la colaboración entre la Xunta de Galicia, FEGAMP y SEAGA, en materia de prevención y defensa contra incendios forestales, para el establecimiento de un sistema público de gestión de biomasa en las fajas secundarias.

Este plan se expone al público durante el plazo de 20 días hábiles, que empezarán a contar a partir del día siguiente al de la inserción de este anuncio en el BOP, para que durante dicho plazo pueda ser examinado y puedan formularse las alegaciones y reclamaciones que se estimen pertinentes por los que se consideren interesados.

El plan estará expuesto durante el mencionado plazo en las oficinas de la casa consistorial, en horario de 9:00 a 14:30 horas, así

como también en el tablón de anuncios de la sede electrónica del ayuntamiento; <http://castrocaldelas.sedelectronica.gal>.

Castro Caldelas, en la fecha de la firma electrónica. La alcaldesa.

Fdo.: Sara Inés Vega Núñez.

Documento firmado electrónicamente

R. 2.687

Castrelo do Val

A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo o día 10/11/2020, acordou:

Primeiro: a aprobación das bases de selección que se insiren deseguido, así como a convocatoria do proceso selectivo, nos termos sinalados a continuación:

“Bases de selección dun funcionario de carreira de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C2 mediante o sistema de oposición libre.

Primeira. Obxecto da convocatoria e xustificación desta.

1.1) O obxecto desta convocatoria é a provisión dunha praza vacante de auxiliar administrativo grupo: C; subgrupo: C2; escala: administración xeral; subescala: auxiliar, para a súa cobertura segundo o previsto nos art. 55 e seguinte do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en adiante EBEP) e 49 e seguintes da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (en adiante LEPG).

Segunda. Características da praza.

2.1) A praza convocada está encadrada na escala de administración xeral, subescala auxiliar, do subgrupo C2 dos establecidos no artigo 76 do EBEP, do cadro de persoal funcionario do Concello de Castrelo do Val, e que figura incluída na oferta de emprego do ano 2020, publicada no BOP de Ourense o 12/11/2020.

Terceira. Sistema selectivo.

O sistema selectivo será o de oposición libre.

Cuarta. Requisitos das persoas aspirantes.

Para tomar parte no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

a) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.

b) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Titulación académica: estar en posesión da titulación esixible para acceso ao corpo administrativo, grupo C2: título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, segundo as disposicións educativas na materia.

d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estar-se en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegarase ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporar tal tradución oficial.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das administracións públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).

f) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia). No suposto de aspirantes con

grao recoñecido de discapacidade, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia, así como as adaptacións que se soliciten para realización de fase de oposición.

g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).

h) Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se achega (incluída na instancia).

Os/as aspirantes que non utilizaran o modelo facilitado nestas bases, deberán achegar declaración responsable específica e declaracións xuradas referidas anteriormente.

Quinta. Presentación de solicitudes e admisión de aspirantes.

5.1) As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentaranse conforme ao modelo que figura no anexo II e dirixiránse ao alcalde da Corporación expresando que reúnen todos os requisitos esixidos na base anterior.

Xunto coa instancia (anexo II), deberá achegarse inescusablemente a seguinte documentación:

- Copia do DNI

- Copia da titulación esixida

- Copia da acreditación de coñecemento de lingua galega: Celga 3, iniciación ou equivalente

- Documentación acreditativa da discapacidade, de ser o caso, especificando as adaptacións que sexan solicitadas para realización da fase de oposición.

5.2) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende a publicación da convocatoria no BOE.

5.3) Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, aprobará unha listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (con especificación da causa de exclusión) no prazo máximo de 10 días hábiles, que será publicada no BOP de Ourense e na sede electrónica deste concello, determinándose nela a apertura dun prazo de 5 días hábiles de emenda da documentación.

Durante o prazo de 5 días hábiles indicados, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións ás listas provisionais. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Superado este prazo, dentro dos 5 días hábiles seguintes, a Alcaldía aprobará a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas, publicándose igualmente que o descrito no parágrafo anterior.

5.4) Contra a resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución.

5.5) O resto das resolucións deste proceso selectivo serán publicadas na sede electrónica do Concello de Castrelo do Val.

Sexta. Tribunal cualificador.

6.1) O tribunal cualificador será designado pola Alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local) no decreto de aprobación da lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas e, en base ao establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): unha/un funcionaria/o da Administración local con habilitación de carácter nacional.

- Vogais (titulares e suplentes): tres funcionarias/os de carreira pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á agora esixida.

- Secretaria/o (titular e suplente): secretario do Concello de Castrelo do Val ou persoa que legalmente o substitúa e, como suplente, unha/un funcionaria/o da Administración local con habilitación de carácter nacional.

6.2) O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a ou persoa en quen delegue. De todas as reunións que faga o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

6.3) Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarllo á autoridade que convoca cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

6.4) O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación destas normas así como nos casos non previstos por estas.

6.5) O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6.6) Os membros concorrentes ás sesións do tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte ao disposto no artigo 33 do Real decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

Sétima. Comezo das probas e orde de actuación dos aspirantes.

Dez días naturais antes, como mínimo, do comezo dos exercicios, anunciarase na sede electrónica do Concello de Castrelo do Val o día, a hora e o lugar no que terá lugar o primeiro. Os anuncios sucesivos para realizar as restantes probas publicaranse na sede electrónica do Concello de Castrelo do Val con, cando menos, setenta e dúas horas de antelación do comezo das probas.

Desde a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas horas, a non ser que todos os que teñan que realizar a respectiva proba acepten expresamente a redución deste prazo.

Ata a iniciación do exercicio seguinte non poderán transcorrer máis de corenta días naturais.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único. A realización das probas levarase a cabo de forma conxunta e simultánea por todos os aspirantes.

Entenderase que os aspirantes que non comparezan na data prevista, renuncian a participan no procedemento. Non obstante o anterior, aos aspirantes que comparezan na data prevista pero con posterioridade á hora de inicio das probas e durante a súa realización, permitiráselles realizar a proba, pero deberán entregar o exercicio ao mesmo tempo que os demais.

Oitava. Desenvolvemento do proceso selectivo.

Para a realización dos exercicios da fase de oposición, o tribunal poderá requirirlles aos aspirantes, en calquera momento, que acrediten a súa identidade, polo que deberán acudir provistos do DNI ou documento equivalente.

As probas serán as seguintes:

Primeiro exercicio: exame teórico tipo test. Carácter obrigatorio e eliminatorio. Cualificarase de 0 a 10 puntos (o mínimo necesario para o superar 5 puntos)

Exame tipo test: consistirá no desenvolvemento dun exame tipo test de entre os temas incluídos no anexo I de 50 preguntas con



4 respostas alternativas, das que unicamente unha é correcta, durante o tempo máximo de 60 minutos. Cada resposta correcta terá un valor de 0,20 puntos, descontando 0,10 por resposta incorrecta e non puntuando as respostas sen contestar ou en branco.

Segundo exercicio: exercicio práctico. Carácter obrigatorio e eliminatorio. Cualificarase de 0 a 10 puntos (mínimo necesario para superar a proba será de 5 puntos).

Consistirá na elaboración de un ou varios documentos administrativos en lingua galega, segundo as instrucións específicas que se establezan polo tribunal, empregando o programa Word de tratamento de textos. Os documentos deberán archivarase nun soporte informático e entregárselle nese soporte ao tribunal.

Nesta proba valorarase a corrección formal na elaboración do documento ou documentos (incluíndo a corrección idiomática) e o emprego dos recursos propios do procesador de textos.

O tempo de resolución do exercicio será de 45 minutos.

Terceiro exercicio: exercicio práctico. Carácter obrigatorio e eliminatorio. Cualificarase de 0 a 10 puntos (mínimo necesario para superar a proba será de 5 puntos)

Consistirá na elaboración dun documento, consistente nunha ou varias táboas numéricas mediante o emprego do programa Excel, realizando operacións aritméticas mediante a folla de cálculo, a partir dos datos facilitados polo tribunal, na forma que este estableza. O/s documento/s deberán archivarase nun soporte informático e entregárselle nese soporte ao tribunal.

Nesta proba valorarase a corrección da táboa ou táboas elaboradas.

Cuarto exercicio: exame de galego.

Este exercicio será obrigatorio e non eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten, xunto coa solicitude de participación, o nivel de galego Celga 3, e estarán exentos aqueles que si o presenten.

A proba consistirá na redacción dunha tradución dun informe ou texto relacionado coas funcións do posto durante un tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio puntuarase coas cualificacións de apto ou non apto.

De conformidade co establecido no artigo 51 da Lei de emprego público de Galicia, os exercicios realizaranse en lingua galega e as instrucións do tribunal para a súa realización entregaranse nese mesmo idioma.

A puntuación final e a orde dos aspirantes aprobados, estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na totalidade dos exercicios da oposición.

As cualificación dos aspirantes, en cada un dos exercicios, serán publicadas na sede electrónica do concello, no seguinte día hábil ao da realización efectiva da cualificación de cada proba.

Novena. Publicación dos resultados finais e presentación de documentos.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará na sede electrónica do concello a relación de aprobados por orde de puntuación final, con especificación da cualificación, e elevaralle a devandita relación á Alcaldía, para os efectos da tramitación do nomeamento.

O tribunal non poderá propoñer o nomeamento dun número de persoas superior ao da praza convocada, sen prexuízo do previsto para os supostos de renuncia do aspirante proposto ou caducidade da proposta de nomeamento.

A resolución de nomeamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia. A dita publicación determinará o inicio do cómputo do prazo para a interposición de reclamacións ou recursos que procedan.

A resolución das probas selectivas e o correspondente nomeamento, corresponderá á Alcaldía, de acordo coa proposta do tribunal que terá carácter vinculante.

9.1) A persoa aspirante seleccionada en primeiro lugar, no prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao do chamamento dende o Concello de Castrelo do Val, deberá presentar os seguintes documentos, agás os que xa consten no expediente:

a) Copia autenticada ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do DNI.

b) Copia autenticada ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.

c) Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que ten a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas de auxiliar administrativo.

d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás administracións públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

9.2) Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados, sen prexuízo da responsabilidade na que tivesen podido incurrir por falsidade dimanante da solicitude para participar neste proceso selectivo.

Décima. Interpretación das bases, lexislación aplicable e réxime de recursos.

10.1) O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

10.2) A lexislación aplicable ao presente procedemento é a seguinte:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).

- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

- Texto refundido da Lei de igualdade das mulleres de Galicia.

- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local.

- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

- RDL 5/2015 do Texto refundido do estatuto do empregado público

- Lei 53/1984, 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta convocatoria e bases reguladoras e cantos actos administrativos deriven dela, así coma as actuacións do tribunal de selección en interpretación e cumprimento do contido nelas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do procedemento administrativo común e Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

Anexo I

Temario

1. A Constitución española de 1978: proceso de elaboración. Estructura e principios xerais. Os principios fundamentais da Constitución. A reforma da Constitución.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Garantías legais, xurisdicionais e institucionais. A suspensión dos dereitos e liberdades. O Defensor do Pobo. O Tribunal Constitucional.
3. A Coroa. Funcións constitucionais do Rei. Sucesión e renuncia. O referendo.
4. O poder executivo: o Goberno e a Administración do Estado. O Poder Xudicial.
5. A organización territorial do Estado na Constitución española. O estado autonómico.
6. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. A reforma do Estatuto de autonomía: supostos de reforma e procedementos. As institucións de autogoberno de Galicia: descrición. Sede.
7. A Administración local: concepto e evolución. A Carta europea de autonomía local. A Administración local na Constitución. Regulación xurídica actual da Administración local. Tipos de entidades locais.
8. O municipio: concepto e elementos. Competencias e servizos mínimos.
9. O goberno municipal: clases de órganos e o seu funcionamento: O Pleno, o alcalde e os tenentes de alcalde. A Xunta de Goberno Local. As comisións informativas.
10. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Réxime de sesións e acordos. Votacións. Actas e certificacións de acordos
11. A potestade regulamentaria local. Ordenanzas e regulamentos. Definición. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.
12. A provincia: concepto, elementos e competencias. O Plan provincial de Cooperación e órganos do goberno provincial.
13. Fontes do dereito administrativo: A lei: concepto e clases. Decretos-lei e decretos legislativos. Os regulamentos e as súas clases.
14. Actos administrativos: Concepto, elementos e clases. Termos e prazos. Requisitos. Validez e eficacia. A nulidade e anulabilidade.
15. Revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos. Recurso contencioso-administrativo.
16. O procedemento administrativo: os interesados. Fases do procedemento administrativo común.
17. Procedimiento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.
18. O administrado: concepto e clases. Capacidade e causas modificativas. Dereitos dos cidadáns en relación coas administracións públicas.
19. As formas de acción administrativa con especial incidencia na esfera local: fomento, policía e servizo público. Xestión de servizos públicos locais e formas de xestión.
20. Os bens das entidades locais: clases. Réxime xurídico dos bens de dominio público e patrimoniais. Os bens comunais. O inventario de bens.
21. O persoal ao servizo das corporacións locais: clases e réxime xurídico. A función pública local: clases de funcionarios locais. A xestión dos recursos humanos. Instrumentos da planificación de recursos humanos.
22. Selección, formación e avaliación de recursos humanos no ámbito local. O contrato de traballo. Prevención de riscos laborais.

23. Dereitos dos funcionarios públicos. Retribucións. Licenzas e permisos. Dereitos sindicais e de representación.
24. Deberes dos funcionarios públicos. Responsabilidade. Incompatibilidade. Réxime disciplinario
25. O orzamento xeral das entidades locais: concepto e contido. As bases de execución do orzamento. A elaboración e aprobación do orzamento xeral. A prórroga orzamentaria
26. Os créditos do orzamento de gastos: delimitación. Situación. Aplicación orzamentaria. Niveis de vinculación xurídica
27. As modificacións de crédito: clases. Concepto. financiamento. Tramitación
28. A execución do orzamento de gastos e de ingresos. Fases. Os pagos para xustificar. Os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos
29. A liquidación do orzamento. Tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario. O remanente de tesorería. Conta xeral, contido e tramitación.
30. A facenda local na Constitución e o seu réxime xurídico. Clases de tributos locais.
31. As ordenanzas fiscais: procedemento de elaboración, aprobación e publicación. Réxime de impugnación.
32. Imposto de bens inmobles, imposto de actividades económicas e imposto de vehículos de tracción mecánica.
33. Imposto de construcións, instalacións e obras e imposto de incremento de valor de terreos de natureza urbano.
34. As taxas municipais e as súas clases. Os prezos públicos. As contribucións especiais.
